CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia.		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. - A creba do pensamento filosófico occidental. - A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. - O existencialismo. - A analítica do ser-aí. Heidegger. - Existencia humana e liberdade radical. Sartre.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.

UD	Título da UD	Duración
6	Filosofía séculos XX e XXI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes	PE	60
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora un traballo de investigación con conclusións propias	TI	40
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito ao menos un elemento principal de cada proposta filosófica ao longo da historia.		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito oral ou escrito a transcendencia dos problemas filosóficos		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. - A creba do pensamento filosófico occidental. - Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. - O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.

Contidos

- O pensamento feminista na actualidade.
- A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano.
- O pensamento galego no século XX.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As orientacións metodolóxicas deben favorecer á consolidación de certas competencias promovidas xa en etapas educativas anteriores e a adquisición dunha maior autonomía nos procesos de aprendizaxe, tendo en conta que é, para moitos, o curso previo á realización de estudos superiores. Para logralo utilizaranse as seguintes estratexias:

1. Recorrer a textos apropiados para espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados nas diferentes etapas históricas, establecendo a partir deles diferenzas e semellanzas coa actualidade. O comentario de texto, cos seus múltiples enfoques posibles, convértese, non só nun exercicio privilexiado para esta materia, senón nun contido procedimental básico. As sínteses conceptuais e o estudo do ámbito histórico e cultural deben complementar a lectura dos textos.

Promoverase nos alumnos e nas alumnas a capacidade de determinar cales son as súas propias necesidades de información, tanto xeral coma específica e como satisfacelas acudindo a obras de consulta. O uso sistemático de fontes bibliográficas de información habituarao os mecanismos básicos do traballo intelectual.

2.-Se as condicións das aulas o permiten, desenvolver progresivamente os contidos de cada etapa histórica, mediante presentacións en Power-point que serían proxectadas durante a explicación dos diferentes apartados.

3.- Servirse da selección de textos proposta polo grupo de traballo da CIUG para a aprendizaxe das técnicas de comentario de textos e para medir o grao de comprensión do previamente explicado na aula.

4.- Propiciar a autonomía na busca e procesamento de información relevante, axudados polas orientacións respecto a páxinas ou contidos aos que poderán acceder a través da aula virtual.

5.- Orientar o traballo persoal e grupal para que, a partir da selección de información, planifiquen e elaboren composicións escritas, onde integren información procedente de distintas fontes.

Nos enfrontamos á difícil tarefa de desenrolar uns contidos demasiado extensos e dispoñemos de catro períodos lectivos semanais. Cómpre sinalar que os principios metodolóxicos mencionados vense condicionados pola proba da ABAU. Na aula hai que traballar a estrutura da proba. Por isto debemos axustar a metodoloxía, procurando ca participación do alumnado non se vexa diminuída en función de tales circunstancias. Deste xeito, aínda que entendemos que non é o mellor método educativo, consideramos imprescindible recorrer á "lección maxistral" e o traballo cos textos relevantes. Este non é o único método, xa que as nosas explicacións irán precedidas de lecturas, análise crítico ou outras actividades que darán protagonismo ao alumnado como constructores dos seus propios aprendizaxes.

Tomaremos como punto de partida os coñecementos previos do alumnado para guiar os seus aprendizaxes a partir deles. A partir deste trataremos de fomentar aprendizaxes significativos e funcionais buscando a relación entre os problemas filosóficos do presente e as respostas dadas ó longo da historia da filosofía. Tamén pretendemos contribuir á autonomía dos nosos alumnos/as, de xeito que aprendan buscar, seleccionar e sintetizar información a partir de fontes variadas, expresándoas en traballos individuais e facendo reflexionar sobre os propios aprendizaxes. Seguindo estes principios xerais, concretamos a continuación as seguintes liñas de actuación:

1. O traballo diario basearase na lectura comprensiva e no comentario crítico de textos de (o sobre) os autores mais representativos da historia da filosofía. Referímonos ao análise de textos breves seleccionados pola súa relevancia filosófica, como á lectura de textos mais asequibles pero de igual xeito significativos como material de estudo, de apoio ou de profundización

2. Na aula combinaremos as exposicións e explicacións do profesorado, sobre todo a nivel introductorio e de profundización, cas actividades que o alumnado vaia facendo a partir dos textos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos propios do profesorado
Videos titoriais de apoio das explicacións e tarefas
Páxina da ciuga/cesga para os textos
Aula virtual da materia.
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Libros e artigos de lectura

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto recomendado da Editorial Rodeira para Historia da Filosofía, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final. A aula virtual na web do centro servira como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá na lectura dun texto clásico da historia da filosofía para realizar un comentario de texto breve. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos. E especialmente coas peculiaridades do comentarios de texto na historia da filosofía.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rascos específicos e individuais do alumnado.

Cunha taboa de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas, mediante a observación na aula e un test na aula virtual, se avaliara así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	10	15	20	20	15	100
Proba escrita	60	49	55	70	65	60	61
Táboa de indicadores	40	51	45	30	35	40	39

Criterios de cualificación:

1. As probas escritas co formato da proba de acceso á univesidade suporá o 80 % da cualificación global (ata 8 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre). Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
 2. Os traballos que se propoñan se avaliarán como proba escrita ou taboa de indicadores suporán un 20% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
 3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia, así como as actividades voluntarias servirán para redondear ou/subir a nota.
- Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, omprensibles e traballados na aula co o alumnado.
- A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
- Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .
- Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

Entendemos a avaliación como un proceso continuo e formativo. A recuperación formará parte dese proceso. Aquel alumnado que non alcance unha cualificación final positiva, terá dereito a RECUPERAR , quedando aberta a posibilidade de facer os exames de recuperación por avaliacións ou ben nunha proba final á que asistirá cada alumno coa-s avaliación-s suspensa-s. Respetarase a nota da avaliación-s aprobada-s á hora de facer a media aritmética. Se o alumno/a ten mal o cadeno, a actitude e traballo diario deberá correxir e mellorar estos apartados. Non será obrigatorio realizar un exame final de toda a materia para todo o alumnado. O exame final terá o valor de recuperación e versará sobre os mínimos esixibles na programación, terá que facelo, no sentido anteriormente exposto, quen non acadou a cualificación mínima de 5. O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10. Quedará a criterio do profesorado facer recuperación por trimestre ademais do exame final. O alumnado que aprobe todo por avaliacións está exento da realización do exame final. Antes da realización de cada proba os alumnos/as recibirán información sobre os aspectos formais das mesmas (tipo de exame, número e tipo de preguntas). No caso da convocatoria extraordinaria de xunio (data sen concretar), a nota será a que o alumno/a obteña nunha única proba escrita que versará sobre os contidos mínimos de toda a materia. Para aprobar a materia deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.

6. Medidas de atención á diversidade

O proceso de aprendizaxe ensinanza precisa ser individualizada as necesidades do alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidade educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizase. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorenzo o acceso aos recursos e a

convicencia. 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. 5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiriran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificaión organizativa ou ben doxeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras). En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Historia da Filosofía é un instrumento pefecto na traballo escolar común na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven espedificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) coa metodoloxía planificada será a clave.

A Historia da filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sen outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo: 1) Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. 2) - Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. 3) Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpiada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpiada Filosófica na categoría de Disertación Filosófica, Fotografía ou Vídeo a determinar.	X	X	X

Observacións:

A olimpiada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

No caso de bacharelato a modalidade específica é Disertación, ferramenta que se traballa durante o curso, tendo como complementarias Vídeo e Fotografía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas

3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Metodoloxía empregada
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
Clima de traballo na aula
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados